

**Imaxe da cidade e identidade**  
**Encontro pola Cultura, Vigo 16-11-2018**  
**(guión da intervención de Manuel Bragado)**

**Revisión a imaxe e a identidade de Vigo ao longo de catro décadas seguintes**  
**eixos de cultura, patrimonio, festas e lingua**

1-. A década de 1980: un tempo de entusiasmo ou o «Vigo da movida (Golpes Bajos, Siniestro, Os Resentidos) e da reconversión naval (*Os luns ao sol*)». *Vigo cidade revolcada* (Xela Arias), *Vigo, cidade estrépito* (X.L. Méndez Ferrín). **Vigo cidade das esculturas**. Coincide cos gobernos municipais de Manuel Soto e as concellarías de Cultura de Francisco Santomé.

- O «Vigo millor» de Agustín Arca. Ocorrencias: os volcáns de Coia, as canstras de baloncesto en canto recuncho atopaba. O «Yo, Vigo» de Leri.
- A Fotobienal do Instituto de Estudos Fotográficos (Manuel Sendón, X.L. Suárez Canal).
- Atlántica e as mostras da praza da Princesa.
- As xornadas de música contemporánea de Enrique X. Macías.
- Vigo, capital editorial de Galicia. Desenvolvemento dun foco de edición en lingua galega profesionalizada (Galaxia, Xerais, A Nosa Terra, Ir Indo, Nova Galicia edicións...).
- A programación do Teatro García Barbón, tras a restauración de Desiderio Pernas (1982-1984).
- «Madrid se escribe con V de Vigo» (1986).
- O Festival do Mundo Celta e outros concertos de Castrelos do goberno Soto (Madonna en Vigo, 29 de xullo de 1990).
- Apertura de primeiras infraestruturas básicas: Casa das Artes (1990).
- Debate cidadán sobre a conservación do Patrimonio: Pazo de Xustiza versus Praza da Concordia (arquitecto Bofil); Estación do Ferrocarril...
- Cidade das esculturas: Sireno de Leiro (1991), Cabalos de Oliveira (1991), Porta do Atlántico de Silverio Rivas (1992), Monumento ao traballo de Ramón Conde (1991). Pezas que conformaron unha identidade do Vigo de fin de século.
- Política activa de promoción e fomento da lingua galega. Aprobación da Ordenanza de Normalización Lingüística (8-11-1988), hoxe aínda vixente.
- Protagonismo do Entroido na programación de festas.
- Idade de Ouro dos concertos de Castrelos.

2-. As décadas de 1992-2008: un tempo de fartura ou o «Vigo euroatlántico», «Vigo. Cidade europea». **Vigo cidade dos museos**. Coincide cos gobernos municipais de Carlos Príncipe, Manuel Pérez, Lois P. Castrillo, Ventura Pérez Mariño e Corina Porro.

- Novas infraestruturas culturais: ampliación da Biblioteca Penzol (1994) , Biblioteca Nodal (Juan Compañel) no recuperado Edificio Ferro (1995).
- Plan Urban de recuperación do Casco Vello (1992).
- Intentos de deseñar programación cultural a longo prazo no marco Plan Estratéxico de Vigo e a súa área de influencia (1995), que definía Vigo como cidade euroatlántica.
- Apertura de tres grandes museos con axudas europeas: Marco. Museo de Arte Contemporánea (2002), Museo do Mar de Galicia (2002), Verbum. Casa das palabras (2003).
- Vigo pretendía competir, tamén en Cultura, con Porto e Compostela, que tamén abrían os seus contedores.
- Intentos de acometer políticas de Patrimonio, dixitalización do legado Pacheco, Fundación

Laxeiro....

- Intentos de programación cultural integrada arredor do Eixo do Sireno, coa participación da Caixa de Aforros e da Fundación Barrié.
- Con honrosas excepcións (Fotobienal), non hai continuidade nas actividades nin nos concursos organizados polo concello.
- Déficit endémico en dotación bibliotecaria. Vigo como exemplo de cidade con carencia bibliotecaria. Demanda de creación dunha biblioteca do Estado (1998).
- Inferioridade manifesta con respecto á Coruña de Francisco Vázquez, capaz de crear no mesmo período unha rede de museos científicos, consolidar unha modélica rede de bibliotecas públicas e centros cívicos (Forum metropolitano), un festival internacional de cómic, a quinta feira do libro de España...
- Descoordinación da Programación.
- Conformismo dos sectores máis atentos a consolidar a subvención ca artellar proxectos estratéxicos.
- Inexistencia dun Consello Municipal de Cultura nin dunha rede de infraestruturas culturais (museos, bibliotecas e centros culturais) que funcionase como tal.
- Grandes centros culturais no periurbano xestionado polas asociacións veciñais.
- Un período de vacas gordas e paternalismos.
- Decae a enerxía da política de normalización lingüística no concello cos gobernos de Ventura Pérez Mariño e Corina Porro.
- Emerxencia da Festa da Reconquista e do Marisquiño.

3-. A década de 2008 a 2018: un tempo de crise e post cultura, o «Vigo da dinosebe», o «Vigo iluminado», o «Vigo friki» «Vigo, cidade excéntrica», o «Vigo que expulsa aos franceses». **Vigo cidade das dinosebes. Vigo cidade vagalume.** Coincide cos gobernos municipais de Abel Caballero, primeiro en coalición co BNG, despois con abrumadora maioría, con Cayetano Rodríguez como concelleiro de Cultura.

- Un contexto adverso: desaparece a Obra Social e Cultural de Caixanova, diminúen os orzamentos municipais para cultura e normalización lingüística, apertura da Cidade da Cultura (2011)...
- Ábreanse novas infraestruturas culturais: Pinacoteca Fernández del Riego (2011), Centro Galego de Fotografía (2015), Auditorio Mar de Vigo (proxecto iniciado en 2001 por Castrillo, inaugurado en 2011 por Caballero), recentemente rescatado polo concello. Tres fracasos?
- Proxecto de rexeneración urbana do Vigo Vello a cargo do Consorcio do Casco Vello.
- A modificación do proxecto MARCO como Museo de Arte Contemporánea (2017) sinala simbolicamente o inicio da post cultura na cidade. Marco, un luxo para catro cultuquetas fronte ao programa de medianeiras que lle gusta a todo mundo.
- Créase unha rede de museos sobre o papel. Cal vai ser o futuro do Museo Quiñones de León ou do Verbum?
- Período de anuncios de grandes proxectos culturais: a Panificadora como factoría cultural; a Biblioteca do Estado dun lugar para outro (agora en Travesas)
- Un período de vacas fracas e dirixismos, onde decaen as axudas a festivais e actividades da cultura independente até botar o cadeado.
- Audacias da post Cultura: o Alfacame na rotonda de Coia, a dinosebe na Porta do Sol, as luces de Nadal vistas dende o espazo, o alcalde presentando os concertos de Castrelos, a desaparición dos pregoeiros do Entroido. Temos un alcalde galáctico?
- Continúan os déficits bibliotecarios endémicos, apenas mitigado polo éxito rotundo da apertura da Biblioteca Xosé Neira Vilas (2011).
- A política de normalización lingüística decae orzamentariamente até mínimos históricos, no concello utilízase o galego menos ca nunca.
- Éxitos populares masivos da Festa da Reconquista e do Marisquiño.

- Vigo como espazo de experimentación para post cultura, aquela que só acredita no consumo de produtos en serie. A exposición da Fundación Telefónica sobre Jules Verne no Marco, que circula polas cidades españolas, como modelo de optimización de recursos.